

Achégate!

Os días 4, 5 y 6 de Xullo a cidade de Monforte acollerá por sétimo ano consecutivo o “Festival do Viño da Ribeira Sacra de Monforte”. Unha proposta diferente cun amplo programa de actividades que xiran arredor do viño, verdadeiro protagonista do Festival.

Unha mostra colectiva na que **30 adegas da D.O. da Ribeira Sacra** ofrecen ao visitante a posibilidade de degustar e gozar dunha gran variedade de viños que non deixarán indiferente a ninguén, nun entorno natural, tranquilo e cómodo xunto ao río Cabe.

Un viño, mil historias

O “Festival do Viño da Ribeira Sacra de Monforte” é un evento dirixido a persoas de todas as idades, onde descubrir e sentir a Ribeira Sacra a través da súa paisaxe, gastronomía e tradición.

As VinoRutas permitirán desprazarnos ata o lugar de orixe onde poderemos contemplar os viñedos e os ríos que bañan as ladeiras. Unha experiencia única para sentir a vertixe da nosa famosa “viticultura heroica”.

Cando caia a noite, o Paseo do Malecón acollerá 3 actuacións musicais os días 4 e 5 de xullo. Excelente escenario para amosar diferentes propostas artísticas.

Os días 4, 5 e 6 de xullo, os viños da D.O. Ribeira Sacra serán os auténticos protagonistas xa que son o verdadeiro vehículo capaz de unir historia, tradición e cultura.

Un Festival con sabor a tradición



PARTICIPANTES

ADEGAS

- | | |
|------------------------|-----------------|
| ✿ A Man de Prado | ✿ Finca Cuarta |
| ✿ Aba Solleira | ✿ Finca Millara |
| ✿ Abadía da Cova | ✿ Galanteiro |
| ✿ Adega Vella | ✿ Guímaro |
| ✿ Alvaredos-Hobbs | ✿ Gullufre |
| ✿ Algueira | ✿ Lucenza |
| ✿ Alma das Donas | ✿ Malcavada |
| ✿ Alouviño | ✿ Ohmio |
| ✿ Asolagados | ✿ Petrón |
| ✿ Cividade | ✿ Peza do Rei |
| ✿ Condado de Sequeiras | ✿ Proencia |
| ✿ Corzoás | ✿ Regina Viarum |
| ✿ Cruceiro | ✿ Tear |
| ✿ Don Bernardino | ✿ Tolo do Xisto |
| ✿ EDV | ✿ Viña Vella |

GASTRONOMÍA

- | | |
|----------------------------|-----------------------------|
| • Queixo negro. Buleri | • Xeados Xeou |
| • Lácteos Ribeira Sacra | • Panadería La Luna |
| • Embutidos Valentina | • Panadería Fernández |
| • Tres Fuciños Porco Celta | • Restaurante Manuel Bistró |
| • Xamóns D. Francisco | • Restaurante Bocalino |
| • Xamóns Roberto | • Cervecería-Tapería O Toxo |

OBRADOIROS INFANTÍS

- Anxo Moure. O Carballo con Botas
- Velaísca Animación
- Olería Tradicional da Ribeira Sacra - Figulus
- Tarabelos. Teatro de papel

ORGANIZA



COLABORAN



FESTIVAL DO VIÑO DA RIBEIRA SACRA de MONFORTE 2025



4, 5 e 6
DE XULLO

PASEO DO MALECÓN
MONFORTE DE LEMOS
LUGO

Cando chega a noite...

NO PASEO DO MALECÓN

ACTUACIÓNS MUSICAIS



VENRES 4 DE XULLO | 20:30h. **SEARAS**

Formación musical de estilo tradicional galego cun enfoque fresco e moderno que busca conectar co público de todas as idades. Caracterízase pola súa enerxía no escenario e pola súa capacidade para reinterpretar o repertorio folk galego, fundíndoo con influencias contemporáneas.



VENRES 4 DE XULLO | 23:00h. **LUCÍA PÉREZ**

Cantante galega coñecida pola súa versatilidade e proxección internacional. O seu estilo fusiona pop, música latina e folk galego. Lucía segue a ser unha figura destacada da música galega e española, que se distingue polo seu talento, carisma e compromiso coa cultura da súa terra.

SÁBADO 5 DE XULLO | 23:00h. **A BANDA DA LOBA**

Grupo musical galego composto por cinco mulleres cun estilo ecléctico que fusiona pop, rock, blues e música tradicional galega, creando unha proposta única no panorama musical actual. Caracterízase polo seu compromiso coa lingua e a cultura galega, ofrecendo composicións propias e versións de autores clásicos e contemporáneos.



Descobre os nosos viños...

CATAS TEMÁTICAS

SÁBADO 5 DE XULLO

11:30 a 13:00h. “Descobre: Castes senlleiras da Ribeira Sacra” a cargo de Carlota Iglesias, membro da Asociación Galega de Sumilleres.

DOMINGO 6 DE XULLO

11:30 a 13:30h. “O sabor do Viño coa Música” a cargo do sumiller Suso Soneira acompañado do grupo musical Amalia & Manuel.

Descobre os nosos viños...

MASTERCLASS

SÁBADO 5 DE XULLO

13:30 a 15:00h. “Na procura das viñas centenarias da Ribeira Sacra” a cargo de Jorge Vila, director de Galicia Wine Academy.

Aforo para 35 persoas en cada actividade. Reserva previa no teléfono +34 611 96 32 05 o en festivalmonforte@gmail.com

Para sentir a Ribeira Sacra

VINORUTAS

VinoRuta do Sil

“A Ribeira do Sil e os seus viños”.

35€/persoa

O **SÁBADO 5 DE XULLO ÁS 15:30h.** sairemos de Monforte de Lemos cara ao concello de Sober para visitar **Adega Algueira** na parroquia de Francos. Adega familiar propiedade de Fernando González na que coñeceremos as súas instalacións e cataremos 2 viños representativos da mesma. A continuación partiremos cara a **Adega Cruceiro** na parroquia de Vilachá. Adega familiar e con tradición onde a súa propiedade, Puri, falaranos do seu proxecto e daranos a catar viños da súa adega. Dende aquí partiremos cara ao embarcador de Ponte Sil para facer un percorrido en **catamarán polo Cañón do Sil** e coñecer así mesmo a súa espectacular viticultura de montaña. Finalizado o percorrido en barco, regresaremos a Monforte de Lemos para gozar do **Festival do Viño** no Paseo do Malecón.

VinoRuta do Miño

A Ribeira do Miño e os seus viños

40€/persoa

O **DOMINGO 6 DE XULLO ÁS 9:30h.** sairemos de Monforte de Lemos cara ao concello do Saviñao para facer un **percorrido en zodiaco** coa empresa **Turismo de Pantón** e coñecer os viñedos en bancais desta Viticultura de Montaña. Faremos unha parada na **Fervenza de Augacaída** de 30 metros de altura e a continuación regresaremos á Praia da Cova onde finalizará o percorrido. Seguidamente dirixirémonos á adega **Abadía da Cova** situada en fronte do famoso meandro do río Miño “**O Cabo do Mundo**” onde visitaremos as súas instalacións e cataremos viños da Ribeira do Miño. Dende aquí partiremos cara ao concello veciño de Pantón para realizar unha divertida actividade coa empresa **O Segredo do Monxe** onde cataremos 6 viños, varios deles a cegas. Dende aquí regresaremos a Monforte de Lemos para gozar do **Festival do Viño** no Paseo do Malecón.

Reserva previa no teléfono +34 611 96 32 05 ou en festivalmonforte@gmail.com

Todas as VinoRutas saen do Parque dos Condes en Monforte de Lemos.

Para os mais cativos...

Á BEIRA DO RÍO CABE

OBRADOIROS INFANTIS

SÁBADO 5 DE XULLO

12:30 a 13:30h. Contacontos. Anxo Moure.

19:30 a 20:30h. Pintacaras. Velaísca Animación.

DOMINGO 6 DE JULIO

12:30 a 14:00h. Olería Tradicional da Ribeira Sacra - Figulus.

19:30 a 20:30h. Teatro de papel. Tarabelos.

Programa

VENRES 4 DE XULLO

19:00h. Apertura de Stands.

20:30h. Actuación grupo Searas.

20:45h. Acto de inauguración do “Festival do Viño da Ribeira Sacra de Monforte 2025”. Intervencións de:

Alcalde: José Tomé Roca, Alcalde de Monforte e Presidente da Deputación de Lugo.

Pregoeiro: José Luis Iravedra, Presidente da Asociación Cultural e Gastronómica “O Tizón”.

23:00h. Actuación de Lucía Pérez.

01:00h. Peche de stands.

SÁBADO 5 DE XULLO

11:00h. Apertura de Stands.

11:30h. Cata temática a cargo de Carlota Iglesias “Descobre: Castes senlleiras da Ribeira Sacra”.

12:30h. Taller infantil. Contacontos Anxo Moure.

13:30h. Masterclass a cargo de Jorge Vila “Na procura das viñas centenarias da Ribeira Sacra”.

15:00h. Peche de Stands.

19:00h. Apertura de Stands.

19:30h. Taller infantil. Pintacaras Velaísca Animación.

23:00h. Actuación de A Banda da Loba.

01:00h. Peche de Stands.

DOMINGO 6 DE XULLO

11:00h. Apertura de Stands.

11:30h. Cata temática a cargo de Suso Soneira “O sabor do Viño coa Música”.

12:30h. Taller infantil. Olería Tradicional da Ribeira Sacra - Figulus.

15:00h. Peche de Stands.

19:00h. Apertura de stands.

19:30h. Taller infantil. Teatro de papel. Tarabelos.

00:00h. Clausura do “Festival do Viño da Ribeira Sacra de Monforte 2025”.